



PRAZO DE MATRÍCULA PROBA PEE: 12 a 18 de xuño de 2025



DATA DA PROBA PEE: 26 de xuño de 2025

PRAZO DE SOLICITUDES DA SUBVENCIÓN DO PREMIO: un mes desde a publicación das cualificacións definitivas da proba PEE



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de ESO no curso 2024-2025 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** (sen relixión) na ESO **igual ou superior a 9**.



DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía de **1.000 €** por premio.



CARACTERÍSTICAS

O procedemento de solicitude para optar aos premios extraordinarios de ESO ao rendemento académico ten dúas fases diferenciadas:

FASE 1:

O alumnado formalizará a **matrícula na proba PEE no centro educativo** onde curse cuarto curso de ESO, sen requisito de nota media. O centro educativo cargará os datos da súa solicitude en **Avalia**.

FASE 2:

Despois da publicación das cualificacións definitivas da proba PEE, o alumnado que cumpra os requisitos establecidos na orde de convocatoria poderá **formalizar no prazo dun mes unha solicitude para optar á subvención** do premio extraordinario de ESO ao rendemento académico.

As solicitudes ao premio presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través da aplicación informática PremiosEdu

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no código QR.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na Sede Electrónica Procedemento

ED311D

<https://sede.xunta.gal>



A PROBA PEE

A proba PEE é presencial e única en toda Galicia. Realízase de xeito simultáneo nas distintas sedes.

Os **cinco exercicios** versarán sobre:

Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Estranxeira cursada como primeira lingua, Xeografía e Historia, e Matemáticas A ou Matemáticas B (segundo a cursada polo alumno/a).

É obrigatorio levar DNI ou pasaporte para realizar a proba.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou titor/a legal). Só o alumnado de centros privados que non están en XADE debe presentar certificación de representación (p.ex. libro de familia).

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Pode presentar a solicitude directamente, ou ben actuar por medio de representante formalizado co modelo xenérico que se atopa en:

Sede electrónica > Trámites >
Modelos xenéricos > Representación



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

